



BASES REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS LOCAIS (AUTÓNOMOS E EMPRESAS) NO MERCADO MARIÑEIRO TRADICIONAL DA XX EDICIÓN DAS XORNADAS DE CULTURA MARIÑEIRA “MUROS MIRA AO MAR”

1. Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade regular a participación dos establecementos comerciais locais (autónomos e empresas) no Mercado Mariñeiro que se celebrará os días 4, 5 e 6 de xullo de 2025 dentro da XX edición das Xornadas de Cultura Mariñeira “Muros Mira ao Mar”.

2. Requisitos de participación

Poderán solicitar un posto no Mercado Mariñeiro todos aqueles establecementos locais (autónomos ou empresas) con sede no Concello de Muros que desexen ofertar os seus produtos durante a celebración das xornadas, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar dada/o de alta como autónomo ou empresa.
- Presentar a solicitude e a documentación dentro do prazo establecido.
- Garantir que a decoración do posto se axusta á estética mariñeira do século XIX.

3. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será do **24 de marzo ao 11 de abril de 2025**.

As solicitudes deberán entregarse:

- No rexistro de entrada do Concello de Muros.
- A través da sede electrónica do Concello: sede.muros.gal.

4. Documentación obrigatoria

As persoas ou empresas interesadas deberán presentar a seguinte documentación xunto coa solicitude:

- Planos e descrición detallada do posto, especificando a decoración, cartellaría e os produtos que se van ofertar.
- Planos de localización do posto, incluíndo dimensións, ubicación aproximada nun plano e, de ser posible, coordenadas.
- Xustificante do pago da cota de autónomos (para autónomos) ou último recibo de pago da Seguridade Social (para empresas).



5. Estética e ambientación

Co obxectivo de manter unha estética acorde co evento, todos os postos deberán cumprir os seguintes criterios:

- A decoración debe inspirarse nun mercado mariñeiro do século XIX, evitando elementos modernos que desvirtúen a ambientación.
- Recoméndase o uso de materiais naturais como madeira, teas rústicas, redes, apeiros de pesca, cunchas, entre outros.
- A cartalaría deberá estar en galego e manter unha estética tradicional.
- A vestimenta do persoal deberá ser acorde á temática mariñeira da época.

Así mesmo, anímase a todos os establecementos da vila de Muros a manter unha estética respectuosa coa celebración durante os días das xornadas, contribuíndo así á ambientación global do evento.

6. Condicións de funcionamento

- Os postos deberán permanecer abertos durante os 3 días do evento, respectando os horarios establecidos pola organización.
- Deberán cumprir coa normativa vixente en materia de seguridade, hixiene e sanidade.
- Queda prohibido o uso de elementos que dificulten a accesibilidade ou supoñan un perigo para os asistentes.

7. Resolución e aceptación

A organización será a encargada de avaliar as solicitudes recibidas e adxudicar os espazos dispoñibles. A participación no mercado implica a aceptación plena desta normativa.